

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E  
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
15 DE MARZO DE 2016.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

CONTRATACIÓN

- 2.- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto por SPETEL GALICIA S.L., contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión. Expte. 7075/113.

DEPORTES

- 3.- Proposta de adxudicación da contratación do subministro de enerxía útil e o mantemento con garantía total das instalacións de calefacción e produción de agua quente das diversas instalacións deportivas dependentes do IMD. Expte. 3774/11.

EDUCACIÓN

- 4.- Proposta de adxudicación da contratación do servizo da xestión parcial da Escola Infantil municipal de Navia. Expte. 17043/332.
- 5.- Proposta de adxudicación da contratación do servizo da xestión parcial da Escola Infantil municipal Mestre Goldar-Castrelos. Expte. 16774/332.

RECURSOS HUMANOS

- 6.- Nomeamento interino, por acumulación de tarefas, dun/dunha administrativo/a para a Área de Fomento, por un prazo máximo de seis meses. Expte. 27708/220.
- 7.- Nomeamento interino, por acumulación de tarefas, de cinco traballadoras sociais e oito auxiliares de Admón. Xeral por un período máximo de seis meses, para os servizos de Benestar Social, Estatística, Rexistro Xeral e Transportes. Expte. 27778/220.
- 8.- Nomeamento interino, por acumulación de tarefas, de catro auxiliares administrativos/as por un prazo máximo de seis meses, para os servizos de Educación e Atención Cidadá. Expte. 27793/220.
- 9.- Proposta de aprobación de bolsa de emprego que permita nomeamentos interinos previstos no art.10.1 do R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como oficiais pavimentadores. Expte.27575/220.

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **15 de marzo de 2016, ás 14,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSDG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 15 de marzo de 2016.

CCA/me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Isaura Abelairas Rodríguez.